

## ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2024/14	O Pleno
<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

19 de decembro de 2024

**Duración:**

Desde las 20:32 hasta las 22:43

**Lugar:**

Salón de Plenos

**Presidida por:**

María Dolores Castiñeira Alén

**Secretaria:**

Ana María Pérez Rodríguez

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
76914480L	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
35576809H	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
76899998G	Iván Lorenzo Rodríguez	SÍ
36061420L	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
76907658M	Jorge Gregorio Vaqueiro	SÍ
76898889E	José Luis Fernández Pérez	SÍ
34878073E	Marcos Troncoso Estévez	SÍ
76909361Y	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
36010833D	Salustiano Guerra García	SÍ
77006782E	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
35571942G	Saúl Olmo Vaqueiro	SÍ
35578505N	Selene González Luis	SÍ
76901268D	Vanessa Rocha Núñez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a



sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

**Sr. Guerra García:** Lamentablemente a lacra do machismo acaba acabar coa vida de outra muller eu pediría a toda a Corporación que agardaramos un minuto de silencio porque creo que é necesario.

**Sra. Alcaldesa:** Creo que unha decisión acertada. Agardamos ese minuto de silencio.

### A) PARTE RESOLUTIVA

**Expediente 2547/2024. Actuacións Urbanísticas. Aprobación proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Rosalía de Castro.**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

**Sr. Troncoso Estévez:** Neste punto vamos a proceder a aprobación do proxecto que ven sendo a humanización da rúa Rosalía de Castro, seguimos apostando pola transformación de Salceda traendo proxectos encamiñados a gañar espazo público para as persoas pero tamén un proxecto que regule o tráfico, a mellora da seguridade e da viabilidade, da accesibilidade e incorporar espazos verdes sempre seguindo os criterios do plan ÁGORA que son tamén os que nos permiten poder acceder a financiación deste tipo de proxectos nun 90-10, é dicir, que estes proxectos se financian a través do Plan ÁGORA nun 90% pola Deputación e nun 10% con fondos propios do Concello, o cal está ben aprobeitalos e valerse de este tipo de financiamento. O ámbito de actuación e a rúa de Castro dende a rotonda do cruce da rúa Coruña ata o entronque coa rúa Rafael Tilve, nunha lonxitude de 246 m. e unha área ao entorno de 3000 m<sup>2</sup>. Esta é unha rúa que actualmente presenta algunhas deficiencias como é carencia de iluminación axeitada, hai pouco mobiliario urbano, unha clara properancia do tráfico rodado sobre o espazo peonil, as beirarrúas son estreitas e en ocasións ao longo da beirarrúa hai incluso obstáculos arquitectónicos que dificultan a accesibilidade e sobre todo porque é un espazo onde se encontran infraestruturas e edificios como o Colexio, o Pavillón, comedor escolar e o parque, é unha zona que ten que axeitar as condicións de seguridade e regular o tráfico. A proposta de mellora conleva a ampliación do espazo peonil, como falamos, dentro do Plan Ágora se aconsella unha anchura mínima de 2,5m de beirarrúas, no primeiro tramo desta rúa se propón unha plataforma única de formigón onde se eliminan as prazas de aparcamento, precisamente é unha zona onde hai moitísima afluencia de xente non solo polas mañás cos cativos que van aos colexios senón tamén polas tardes cos clubs deportivos, xente que fai uso das instalacións deportivas, creemos que é importante dotar a zona de maior seguridade e regulación, queremos tamén reducir o tráfico e a velocidade, eliminar o aparcamento do primeiro tramo pero mantendo as dúas prazas que hai para persoas de mobilidade reducida reubicando a posición, a ubicación e as melloras de accesibilidades, como falamos, beirarrúas mais anchas e se eliminan esas barreiras arquitectónicas e no último tramo introducimos árbores para facer un espazo mais amable e nesas políticas de loita contra o cambio climático. Os materiais que se utilizan son materiais da zona, locais para as beirarrúas son lousas de granito ao igual que para os bados, adoquíns de granito, o carril de tráfico rodado será de dúas capas de EMBC o que ven sendo o asfalto e formigón para a zona de plataforma única e zona de aparcamento, as especies vexetais elixidas son especies caducifolias, un pouco por romper a homoxeneidade, son especies que no verán teñen folla e nos axudan a regular a temperatura das rúas e no inverno coa caída das follas nos axudan que penetre mais luz e romper con esa homoxeneidade e crear un pouco de visibilidade nas rúas. Importante tamén a renovación das redes de saneamento, abastecemento e alumeadado, incorporación dunha rede separativa de pluviais, mantense a rede de electricidade e gas e soterrase a rede de telefonía. O final o resultado de este proxecto ben sendo, ampliamos a rede de tránsito peonil, pasamos do



27% ao 60% un incremento considerable, a área de tráfico rodado redúcese de un 52% a un 28% a área de aparcamento redúcese 20 a un 7% e as zonas verdes dun 0% ao 3% con estas medidas cumprimos os criterios do Plan Ágora e seguindo na liña na que se leva actuado nos últimos anos de transformación do noso casco urbano e apostando pola mobilidade sostible, polo espazo público e pola accesibilidade. O orzamento de licitación ascende a 676.753 € é unha cantidade alta, neste momento temos outras prioridades como é o saneamento pero é certo que non debemos perder esta ocasión de ter a posibilidade de poder acollernos a estas axudas do Plan Ágora e oxalá dende a Deputación sigan apostando por este tipo de proxectos e que saquen algunha liña na que se poida executar este tipo de obras.

**Sr. Rodríguez Davila:** Como temos falado en diferentes plenos cando se traen proxectos destas casuísticas, vemos que en ocasións este grupo maioritario da Corporación apoiou co seu voto afirmativo, en outras abstívose e en outras votou en contra por non compartir nin o 50% dos proxectos que se traían e este Pleno Municipal. No día de hoxe vamos a debatir dous novos proxectos, onde o Goberno Local recupera os mesmos que había dun pleno anterior que non se chegaron a aprobar e non sei si os Grupos que lle deron a Alcaldía á Sra. Castiñeira tiveron a sorte de que o Goberno minoritario de Movemento Salceda lles preguntara algo ao respecto, si tiveron ocasión de ter algunha reunión con el, ou si, polo menos lle deron a oportunidade dar algunha opinión para estes novos dous proxectos de reurbanización, humanizacións de estas rúas que hoxe estamos a debatir. O certo é que a este Grupo non se lle fixo participe da reurbanización nin da humanización, de como executalo, cales son as prioridades, que materiais vamos a usar, que mobiliario, que deseños, que usos, quen, para e en que momento os diferentes colectivos ou veciños o van a usar e polo tanto hai que ter en conta esas necesidades presentes a curto e longo prazo, que concepto hai das mesmas, das necesidades como digo, incluso as necesidades que pode ter o propio Concello a hora de poder utilizar esas rúas unha vez rematada esas obras no caso de que se consigan os fondos a tal efecto, como digo, que usos se vai poder facer ou pode facer o Concello tendo en conta como van a quedar esas rúas unha vez reurbanizadas, creo que son preguntas importantes que se debería de ter en conta a hora de facer proxectos de urbanización, en este caso é certo que polo menos se mantén algo de aparcamento, é certo que en algún sitio é imposible mantelo polo tanto estamos de acordo e por eso nós non vamos a estar en contra de estes proxectos porque polo menos se aplicou un pouco o sentido común ao respecto, pero é certo que estando de acordo nun 75% do proxecto non compartimos o 100% do mesmo no tocante ao que acabo de dicir ou por exemplo na utilización dos materiais que se van a utilizar, por exemplo nas terminacións que se van a producir porque temos exemplos pasados e temos exemplos presentes que calquera de nós, membros de esta Corporación, ou calquera veciño pode comprobar por si mesmo o resultado e como están esas rúas poucos anos despois de executar as melloras, por exemplo, como Grupo maioritario e como lexítimos aspirantes a gobernar proximamente Salceda, pensamos en porque non poder facer unha remuda en algunha rúa no sentido da circulación e polo tanto tal como se presenta este proxecto para a nosa idea non sería válido e creemos que en algunha rúa en concreto, ou nos dous proxectos, creo que en algún punto se podería estirar dúas ou tres prazas mais de aparcamento, cousa que non se contempla, pasamos como ben dixo o Concelleiro de área de un 20 a o un 7, creo que é unha redución importante e insisto en que polo menos se fai un esforzo de manter aparcamento. En consecuencia este Grupo se vai a abster nestes dous proxectos porque, como temos dito en moitas ocasións, estamos de acordo en seguir mellorando o noso pobo, as nosas parroquias, as nosas infraestruturas e cando estamos de acordo ou así o consideramos o apoiamos, cando non votamos en contra e cando consideramos que está ben pero é mellorable pero non podemos compartir o 100% do mesmo pois nos abtemos, e poño dous exemplos, no proxecto se contempla o cruzamento da Rúa onde vai ir o tránsito dos vehículos de toda índole con lousas de pedra, temos dous exemplos claros na rúa Gándara e na Praza da Devesa en como están esas lousas de pedra a día de hoxe, creo que sería bo ter en conta o que sucede con obras executadas fai uns anos, o resultado das mesmas, como se atopan certos elementos das mesmas e non cometer os mesmos erros, e en consecuencia, como dixen, este Grupo non vai votar en contra destes



proxectos consideramos que ao noso entender en primeiro lugar consultaríamos e daríamos oportunidade aos diferentes grupos de poder participar nos deseños das mesmas polo menos un xesto de respecto ao resto da Corporación así como aos outros colectivos, despois loxicamente o Goberno que traía a pleno o que considere, cousa que non sucedeu polo tanto é un dos asuntos polos que vamos a abstermos pero mais concretamente e loxicamente polo que vemos nos propios proxectos que como dixen anteriormente ao noso entender é mellorable esas cuestións nas que temos dudas como temos exemplos no pasado.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Este Grupo Socialista e tendo en conta que se trata dun proxecto que busca ampliar os espazos verdes e zonas peonís, en principio, si estamos de acordo pero si que temos varias cuestións a ter en conta, primeiro trátase das poucas rúas que se utilizan para pasar tanto camións como autobuses de gran tonelaxe que atravesan a casco urbano a veces, polo tanto habería que telo en conta tanto no ancho da estrada que con 3,20 entendo que chega coma os materias que se van a utilizar sobre todo na primeira parte, na parte de arriba na parte de 20Km, na parte mais lenta, e outra cousa que non vemos no proxecto na zona cerca da mini-rotonda hai unha especie de punto limpo que tamén se quita entendo que tamén haberá que buscar un lugar para colocalo porque é un lugar bastante grande. Unha das queixas que nos dan os veciños de esa zona, da rotonda de Victoriano Pérez Vidal con Rosalía de Castro, é que nos últimos tempos foron desaparecendo os puntos de votar residuos, os contenedores, entendo que é por unha cuestión estética pero a algúns veciños resúltalles incomodo porque neste momento nesa rotonda pasou de ter dous puntos a non haber ningún e agora si se vai mais para abaixo queda bastante lonxe da veciñanza de esa rotonda.

**Sr. Guerra Garcia:** Nos alegrámonos que aínda dure o Plan Ágora, polas noticias que temos non lle queda moito, o cambio de Goberno na Deputación me parece que vai a acabar con esta fase de proxectos que tanta vida lle deron e aínda quedarán por dar a moitas rúas das nosas Vilas e das nosas cidades gañadas para o tránsito das persoas e de cando en vez arrinconando un pouquiño os vehículos, porque senón non hai posibilidade. O proxecto en global vémolos ben con algúns matices que son secundarios, neste caso si que apoiaremos sempre é cando o Goberno Local, coma en proxectos anteriores que se aprobaron, a que hora da execución deste proxecto se comprometa a negocialo cos partidos cando menos cos que apoiaron a investidura, queremos ter opinión sobre os investimentos importantes, polo menos de peso, que ten o Concello e queremos ese compromiso.

**Sr. Troncoso Estévez:** Xa o repetimos noutros proxectos que trouxemos do Plan Ágora, efectivamente esta é a redacción do proxecto e cando encontremos o financiamento para levalos a cabo efectivamente se levará a cabo reunión con todos os partidos incluso si se pode facer algunha mellora na hora da execución tamén estamos abertos. En canto ao que decía Xurxo da demanda dos veciños da falta de puntos para depositar os residuos entendo que te referires a rotonda de Rosalía de Castro, ese é un tema que xa abordamos no seu momento, antes había unha illa ecolóxica nesa rotonda que había queixas de varios veciños que lle molestaban e porque había negocios, había problemas de olores se intentou buscar unha nova ubicación, se mantivo varias reunións tanto no Concello como no propio emprazamento cos veciños e con todas as Comunidades de Propietarios para intentar buscar un emprazamento que satisficese a todos, non se chegou a un acordo nadie o quería ter debaixo ao final todos queremos ter cerca un punto para os verter residuos pero non debaixo da nosa porta, entón se acordou que a mellor acción era dotar de mais contenedores a illa que está na rúa do Rollo e ampliar tamén a illa ecolóxica que está en Rosalía de Castro, esa era a solución que se encontrou para solucionar este problema. En canto as prazas de aparcamento en xeral non é un problema, en Salceda temos mais de 23 aparcadoiros disuadorios, na rúa Rosalía de Castro temos tres aparcadoiros no lateral do pavillón e dous no tramo final da rúa que suma ao final case 7000m<sup>2</sup> e 270 prazas de aparcadoiros creo que neste proxecto o problema de



aparcadoiros non é un problema como tal.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Evidentemente si que é un problema os dos puntos de vertido de lixo, creo que sería conveniente convocar unha comisión e analizar o tema porque si nadie os quere debaixo pero logo a xente protesta de que queda lonxe, ou limitar as horas de vertido de residuos como se fai noutras zonas, habería que buscar unha ordenanza que regulase un pouco iso.

**Sra. Alcaldesa:** É importante destacar que nós seguimos o noso libro de ruta para entender o urbanismo como un xeito de favorecer a vida das persoas seguindo o PEMUS, o Plan de Mobilidade Urbana Sostible, e o Plan Ágora son requisitos imprescindibles dentro do criterio deste Goberno e dos anteriores compañeiros o que temos a hora e ver o urbanismo pensado para as persoas, moitos dos obxectivos se cumpren con estes dous criterios tanto co PEMUS, como sendo Concello ÁGORA como somos Salceda, que son obxectivo de redución de velocidade, gañar a espazo para as persoas, de menor contaminación, de evitar ruídos, de ampliación de espazos verdes, mais árbores, mobiliario urbanos, en definitiva espazo público para as persoas, e ademais sempre vemos a parte estética das humanización, das naturalizacións pero hai que ver a funcional tamén, ocorreu no Carreiro do Rollo que era unha obra sen importancia, unha obra gañadora de un Gran de Area e que resulta de solución a un problema moi grave que tiñabamos tanto de saneamento como de recollida de pluviais nese espazo que solucionaron a problemática no centro da Vila. Renovación de saneamento, separación de pluviais, substitución de tubaxe de abastecemento, soterramento de cableado, de fibra, de telefonía, de alumeados unha actuación de case 3000m<sup>2</sup> de 676.753€ que ogallá a Deputación teña a ben financiar, ten a ben cambiarlle de nome aos plans antes era ÁGORA agora inventáronse unha liña que é Liña 4 que serve para redacción de proxectos pero vamos nada que ver con aquel ambicioso PLAN ÁGORA que tantos e tantas defendemos. Sobre o que dixo o portavoz do PP, Santiago Rodríguez Davila, a min me gustaría que dixera cales son as rúas que están en mal estado ou que a veciñanza ten queixa despois de unha humanización qué deshumanizaría? E puña antes por exemplo a situación da Pedra na Gándara eu creo que habería unha solución fácil evitar que moitísimo do tráfico rodado sobre todo aquel de gran tonelaxe, arranxando a estrada da Xunta do lateral que ven de Entenza do matadoiro cara a conexión da Gándara coa PO-510 que está en estado lamentable e a Xunta ano tras ano segue sen arranxar, ademais de paralizar cando outros e outras si o quixemos facer, tamén quería destacar porque así o tiña contemplado o Concelleiro Marcos que non fai falta que sexan vostedes goberno, nós tamén temos pensado, ese é o noso compromiso coa veciñanza, de que na próxima primavera cando se pinte se fará un cambio de dirección ao final de Rafael Tilve Adrio cara ao cruce, entronque Rosalía con Ador e Rafael Tilve Adrio, cambiando esa dirección ata ao final da rúa. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Visto o proxecto de obras denominado “Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Rosalía de Castro” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 03.12.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 676.753,00€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 117.453,00€ e o presuposto sen IVE a 559.300,00€.*

*Visto o informe de supervisión do proxecto núm. 2024-0245 emitido ao abeiro do disposto no artigo 235 da LCSP.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2024-0036 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos que son esixidos pola Lei e polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición*



Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Rosalía de Castro” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 03.12.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 676.753,00€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 117.453,00€ e o presuposto sen IVE a 559.300,00€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

**VOTACIÓN: Realizada a votación da proposta esta resulta aprobada por SETE VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(2) e Grupo Mixto (BNG) (1) e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6), adoptando o seguinte:**

### ACORDO:

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Rosalía de Castro” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 03.12.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 676.753,00€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 117.453,00€ e o presuposto sen IVE a 559.300,00€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

**Expediente 2593/2024. Actuacións Urbanísticas. Aprobación proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na Rúa Brasil e tramo da Avenida de Galicia.**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

**Sr. Troncoso Estévez:** Neste punto traemos o segundo proxecto de humanización neste caso rúa Brasil e tramo Avenida de Galicia, unha actuación que abarca unha área de 2035m<sup>2</sup> e unha lonxitude de 193m, contempla a reurbanización da rúa Brasil no entronque coa rúa Pontevedra e ao tramo que da continuidade pola Avda. de Galicia ata o cruce coa rúa Arxentina. As deficiencias que se encontran nesta rúa son: que as beirarrúas de cada lado do vial teñen unhas dimensións reducidas, teñen bastante irregularidade co cal o tema de accesibilidade está entre dito e hai un carril estreito debido a que hai zona de estacionamento a ambos lado da calzada, ausencias de zonas verdes e mala visibilidade no cruce con Avda. Galicia, a idea é que teñan preferencia os que suben da rúa Brasil e non os da Avda. Galicia. A proposta de mellora é na senda do que viñemos falando no anterior punto, gañar espazo para os peóns e tamén regular o tráfico, minorar a velocidade dos coches, birarrúas con ancho igual o maior a 2,5m<sup>2</sup> seguindo os criterios do Plan ÁGORA, mellorar a accesibilidade creando beirarrúas continuas e a mesma cota que as beirarrúas das rúas colindantes, mellorar a accesibilidade e introducir especies vexetais. Os materiais que se utilizan para as beirarrúas son lousas de granito, os vados con adoquíns de granito, espazo para o tráfico



rodado de asfalto con dúas capas de MBC e rigulas de separación entre calzada e estacionamento de formigón igual que as zonas de aparcamento; as especies vexetais que sexan caducifolias de crecemento vertical e non que collan moito porte, neste caso elíxense exemplares como o ginkgo, o freixo e o liquidambar que son árbores de aliñación; incorpóranse tamén mobiliario urbano como 24 farois, 7 bancos de granito e 2 formigón, papeleiras de aceiro, tapas de alcorque e 148 m de borde metálico para xardineira e alcorques ao igual que a sinalización. Nas infraestruturas urbanas mantéñense as redes de electricidade e gas, renóvanse a rede de saneamento, alumeados e abastecemento, incorpórase un nova rede de pluviais separativa e procédese ao soterramento da liña telefónica. O orzamento base de licitación é de 491.725,85€ é un pouco o resultado final desta intervención ao igual que no caso anterior, aumento da área tránsito peonil que neste caso pasa dun 37% a un 56%, un descenso da área do tráfico rodado que pasa de 42% ao 30%, descenso da área de aparcamento dun 20 a un 10 e aumento de zonas verdes sempre cumprindo cos criterios do plan Ágora nese empeño de seguir coa transformación de Salceda nesa liña de gañar espazo para as persoas, maior mobilidade e buscando outras formas de mobilidade máis sostible.

**Sr. Rodríguez Davila:** Señora Alcaldesa vostedes pediron autorización para facer o que fixeron alí no arranque no matadoiro, pediron permiso, ou pola “geta” fixeron o que non tiñan autorización nin permiso? Porque normalmente é o que fan, pero tranquila que seguro que se vai a arranxar esa carretera, ten a pendente suficiente para poder subir camiións por aí si ou non? Cumpre? Por aí podemos desviar o tráfico pesado tal como está, tal como vostedes iniciaron ese primeiro metro de ese vial colindante ao vial PO-510?. Decía vostede cales serían as rúas que nos deshumanizaríamos, ningunha, pero iso non significa que esteen ben executadas, vostedes teñen unha facultade de darlle a volta a tortilla, de manipular e terxiversar o que dicimos, nós estamos de acordo de mellorar as rúas do casco urbano ou é que non o entenden ou non escoitan, ou non leen as actas dos plenos, pero iso non significa que non podamos discrepar en certos criterios de como se fai, pero si temos ducias de exemplos, vostede non mira como está o cruce do Charango por exemplo, como está aquela xardineira enterrada, machacada por non rectificar ata lle puxeron reforzos e se gastaron diñeiro encima das propias xardineiras, vostede non vai pola rúa da Gándara e non ve como están as lousas de pedra e que por aí non poden pasar autobuses ou é que vostede non pasa pola Devesa e non ve como está a Praza da Devesa, por certo como sería a Praza da Devesa si fixeran un mínimo de caso ao que propuxemos de cambiar a rúa e non metela por onde está coa vida que ten agora ese Centro Social cuanto mellor non sería; vostede ten pasado pola capela de San Blas en Entenza e ve como está a día de hoxe o remate de esa obra que se fixo fai pouco mais de dous anos, ten pasado por alí igual non? Parécelle ben o cruce do bar Central tal como quedou? Parécelle ben que todos os entroidos haxa que poñer unha rampla para que as carrozas do Castro Barreiro e a Feira teñan que remontar porque vostedes nin contemplaron iso, é lamentable que todos os anos haxa que sacar as farolas e poñerlle un acceso para montar por encima das beirarrúas as carrozas da Feira e do Castro Barreiro, e iso, non é posible facelo igual de ben contemplando esa necesidade sen ter que facer iso todos o anos?, pero vostedes antes de rectificar e recoñecer os erros o que sexa, vostede non se acorda como quedou a rúa Joaquín Fernández Sestelo despois de rematar esas obras semanas despois que se afundi e se tivo que volver a fresar e facer todo, as xardineiras que colocaron que unha semana despois estaban todas machacadas por que xa non viñeron decentes dende o inicio?. En canto a rúa que nos ocupa os criterios exactamente os mesmos que a rúa Rosalía de Castro e polo tanto o noso Grupo se vai a abster e me remito en este punto na acta do pleno a miña intervención no punto anterior referente a rúa Rosalía de Castro.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Un proxecto similar ao anterior o que si considero importante na humanización desta rúa é o de fomentar a visibilidade no cruce das dúas rúas, si que o considero moi importante porque as veces, si que na saída da rúa Brasil é moi complicado controlar cando alguén ven pola Avenida de Galicia, propoño que se poña énfase en mellorar a visibilidade nese cruce que tanto a nivel urbanístico como poñer un



espello no outro lado da rúa tampouco estaría mal.

**Sr. Guerra García:** Sr. Troncoso nós cando falamos de ter opinión a efectos de investimentos non estamos falando de ser receptores de noticias de que solicitan cartos a algunha administración para estas obras, estamos falando de eso falalo previamente, o resto non tería sentido e baixo eses condicionantes votaremos sempre a favor, que se negocie, que se traten previamente antes de solicitar o investimento, despois de solicitado o investimento non temos nada que decir claro.

**Sr. Troncoso Estévez:** Igual me expliquei mal, efectivamente antes de facer o investimento por suposto que se negociarán onde é prioritario facer, en calquera caso nós estamos no goberno e tamén marcamos as nosas prioridades e logo obviamente hai que chegar a acordos, niso traballamos e é o acordo que temos con vós. Creo que os proxectos que están realizados están ben executados e efectivamente o tempo pasa e as obras que se van executando necesitan certo mantemento e en calquera caso si algunha obra está mal executada tampouco é responsabilidade directa do goberno, a veces hai problemas durante as obras por suposto se intentan rectificar, arranxar aquí que sae mal pero en calquera caso os proxectos que nacen creemos que son proxectos importantes, proxecto ben elaborados, e que veñen a poñer de relieve aquelas necesidades que hai no Concello intentando solucionar os problemas que hai, son proxecto que están ben realizados e que veñen a depurar as necesidades que hai no Concello.

**Sr. Rodríguez Davila:** Estou totalmente de acordo co que di, efectivamente as obras cando se executan os responsables é tanto da redacción proxecto incluso do propio construtor, o Goberno de turno da Corporación loxicamente non vai a saber o que vai a pasar dentro de un mes respecto de como vai sair, de si se vai levantar o adoquín, etc., pero cando tes exemplos de cousas que están sucedendo, de materiais que se están poñendo ou como se deseñan os proxectos en obras anteriores ou os teus no teu pobo pois corríxelo e non cometes o mesmo erro, creo que puxen varios exemplos de eso, se trata, de que si un segue facendo igual loxicamente vamos a ter os mesmos resultados, esa é a nosa opinión e o tempo nos dará ou nos quitará a razón por eso nós non podemos apoiar estes proxectos tal como están porque creemos que se vai a cometer os erros que veñen noutros proxectos, e me quedou atrás a rúa Pontevedra cantas reparacións se lle fixo aos adoquíns da rúa Pontevedra, non fan ruídos os adoquíns onde pasan cento e cento de coches diarios por esa zona?, nos creemos que si e nós apoiamos esa rúa, vostedes créense na verdade absoluta nunca se equivocan, o seu é o único que vale os demais opinamos e non vale para nada, non temos nin idea, en fin todo eso. Nós o facemos con toda a boa intención e con todo bo criterio e sendo coherentes, si queren ter en conta as nosas opinións ben e si non as queren ter en conta alá vostedes os resultados os padecen os veciños e os padecemos todos, porque logo hai que gastar diñeiro en obras de reparación de rúas ou de obras, non de dez anos despois, senón de un ano ou dous anos despois, a rúa Pontevedra é un exemplo clarísimo de reasfaltado dous anos despois e de adoquíns xa non digamos, non estamos falando de obras de 20 anos senón de tres ou catro anos.

**Sra. Alcadesa:** Voulle agradecer ao portavoz do PP este amplío repaso polas múltiples humanizacións que transformaron e seguiran a transformar esta Vila e deu boa conta ademais do bo traballo feito incluso que o problema da rúa Pontevedra sexa o adoquinado me sorprende, vostede non vai moito a Portugal non coñece Portugal e os adoquín que hai en todos os espazos que eu sepa todo mundo admite, é mais, eloxia a beleza de ese país, a vostede aquí lle molesta incluso que recuperáramos os do cruce de Rafael Fernández Sestelo con Victoriano Pérez Vidal, maioritariamente a cidadanía está contentísima con esas obras e nos seguen demandando obras de humanización, segue vostede xogando a ser enxeñeiro, fixo non hai moito co saneamento de Entenza non obtivo tampouco moi bo resultando, siga vostede xogando a ser enxeñeiro, agradézolle





como dixen antes ese repaso a todo o traballo feito e con respecto do que dixo da estrada da Xunta creo que debería defender ante todo os intereses dos veciños e veciñas de Entenza, e dicir que a culpa foi non pedir permiso para non deixar rematar esa estrada que daba un servizo excelente e garantía de seguridade a zona peonil de tráfico calmado da Gándara é lamentable, efectivamente a única parte que se arranxou foi a da Deputación estaban as máquinas a punto de asfaltar o treito que tiña que pagar a Xunta e que tiña que arranxar a Xunta nós decidimos facelo igualmente porque era un clamor de Entenza arranxar esa Estrada e paralizárona e sabe quen a paralizou despois de dar a súa palabra porque igual para vostede non pero para mi si que conta precisamente naquel momento tiña bastante que ver co seu partido e non solo ma paralizaron senón que incluso me denunciaron, non chegou a ningún sitio evidentemente porque eu estou aquí para defender os intereses dos meus veciños e así o seguirei a facer, e repítole ese enlace sería unha estupenda solución para que a rúa se mantivera nun excelente estado e sabe cal sería o outro, que tamén curiosamente depende da Xunta, o enlace da Lagüela a PO-510 co PO-411 esa sería a solución perfecta desviando todo o tráfico pesado, sexa vostede un pouquiño mais ambicioso e loite por esas solucións que son solucións para a veciñanza de Salceda. Con respecto a Tano vostede vai a votar a favor de estes dous proxectos porque son proxectos do Plan Ágora que sabe que foron defensa acérrima do BNG na Deputación, equivocouse unha primeira vez pero seguro que non se volve a equivocar mais veces, nós sempre o fixemos partícipe, fixémoslo xa na primeira quenda de proxectos que trouxemos e lle dixemos que o faríamos partícipe no momento da execución do proxecto pero sexamos realistas a primeira vez votou en contra porque permítame humildemente dicirlle que estaba un pouco despistado e descoñecía que este proxecto era do BNG da Deputación un excelente proxecto por outra banda. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Visto o proxecto de obras denominado “Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Brasil e tramo da Avenida Galicia (Pontevedra)” polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 09.12.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 491.725,85€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 85.340,85€ e o presuposto sen IVE a 406.385,00€ e sendo necesaria a aprobación do mesmo.*

*Visto o informe técnico núm. 2024-0246 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2024-0037 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 o) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** *Aprobar o proxecto de obras denominado “Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Brasil e tramo da Avenida Galicia (Pontevedra)” polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 09.12.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 491.725,85€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 85.340,85€ e o presuposto sen IVE a 406.385,00€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

**SEGUNDO.** *Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”*

**VOTACIÓN: Realizada a votación da proposta esta resulta aprobada por SETE VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda**



**(4), PSdeG-PSOE(2) e Grupo Mixto (BNG) (1) e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6), adoptando o seguinte:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Brasil e tramo da Avenida Galicia (Pontevedra)” polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 09.12.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 491.725,85€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 85.340,85€ e o presuposto sen IVE a 406.385,00€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

**Expediente 2482/2024. Prevención de Riscos Laborais. Protocolo para a prevención e tratamento do acoso sexual e por razón de sexo.**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Sra. González Luis:** Neste punto vimos a intentar aprobar o Protocolo para a prevención e tratamento do acoso sexual e por razón de sexo, un protocolo que trata de cumprir con nove obxectivos principais entre os que destacamos os seguintes: previr todas as situacións de acoso e/ou por razón de sexo que se poidan producir, no caso de que algunha persoa traballadora detectase ou considerase que é obxecto de acoso sexual ou por razón de sexo establecer un procedemento de actuación que nos permita actuar e adoptar as medidas oportunas así como dispor de medios para afrontar o problema e evitar que se repita; identificar aquelas condutas constitutivas de acoso e asegurar a rehabilitación e reinserción da vítima do acoso sexual ou por razón de sexo no seu posto de traballo; asegurar o apoio xurídico e legal e sancionar a persoa agresora implicada nesta situación; fomentar unha cultura preventiva do acoso sexual; manifestar a tolerancia cero do Concello de Salceda de Caselas fronte a situación de acoso sexual ou por razón de sexo e establecer un procedemento interno de actuación para os casos nos que aínda tratando de previr dita situación se produza unha denuncia interna por este tipo de situacións por parte de algunha persoa traballadora. Un protocolo que se aplicará a todas as persoas traballadoras que forman parte do Concello de Salceda de Caselas así como aquelas como que prestan servizos para o Concello e este protocolo aplícase tanto nos lugares de traballo como naqueles lugares onde se realice calquera xestión relacionada coa actividade laboral, nos desprazamentos dos traballadores e nos marcos das comunicacións que esteen relacionadas co ámbito laboral, traxectos entre o domicilio e o lugar de traballo. Terá unha vixencia indefinida sempre a xuízo de que aos catro anos se poida realizar unha revisión coa parte social podendo modificar ou incorporar diferentes accións despois de que haxa un acordo tras unha negociación entre o Concello de Salceda e aquelas organizacións sindicais e parte social como se ben de realizar agora mesmo. A apertura de este protocolo realizaríase tras a solicitude por escrito ou ben da persoa traballadora afectada ou de outra traballadora que teña coñecemento do problema ou de oficio, por diferentes xefes dos departamentos que consideren que é necesario para protexer a saúde dos traballadores e traballadoras, é importante recalcar que non serán tidas en consideración as denuncias anónimas, para facilitar este proceso dáse o Anexo I que é un formulario que estará accesible para todas as persoas traballadoras e creemos que facilitará este tipo de accións. Un segunda fase que será a Comisión de Instrución que será o órgano encargado de tramitar tódolos procedementos conforme o establecido no presente protocolo e que valorará en cada caso a información que se vaia recibindo, unha Comisión de instrución que estará composta por catro persoas e que serán dúas representantes do Concello e outras dúas representantes sindicais; unha terceira fase que será o desenvolvemento da instrución onde se informará



a presunta vítima de todos os seus dereitos que neste protocolo se recollen e dos que poderá facer uso e tamén ao longo da instrución se dará audiencia as persoas intervincentes, testemuñas e aquelas implicadas na Comisión de instrución que consideren así declarar e se adoptaran tamén unha serie de medidas cautelares; unha cuarta fase de Resolución de instrución e unha fase de control e seguimento para que este procedemento teña unha serie de garantías será fundamental o dereito á intimidade das persoas que tomaron parte en calquera das fases de este procedemento e o protocolo recolle que o principio de confidencialidade garantirá que todas as persoas implicadas teñen o deber de gardar estrita confidencialidade non podendo divulgarse ningunha información a partes ou persoas non implicadas no caso salvo que sexa necesario para a investigación. Un apartado de protección de datos persoais que será de obrigatorio cumprimento para todas as persoas que participen nestas Comisións, reunións ou que aporten calquera tipo de proba sempre intentando defender a vítima ou as persoas que tamén son valentes para denunciar algún caso e a resolución final. Se achegan unha serie de anexos que sería ese primeiro anexo para iniciar o procedemento, un segundo anexo no que se recolle a través de que forma se darían unhas sancións disciplinarias e un terceiro anexo onde se indican a composición da instrución investigadora e por último, pero non menos importante, un acordo de confidencialidade. Este protocolo realizouse unha primeira mesa de traballo conxunto no que se recolleron todas as aportacións que se fixo por parte dos diferentes sindicatos, delegados sindicais, se tiveron en conta, se incluíron e na segunda mesa xa chegou a unha conclusión.

**Sra. Pérez Cabaleiro:** Sinceramente creo que este 19 de decembro estamos de nora boa si realmente aprobamos por unanimidade este protocolo para a prevención e tratamento do acoso sexual e por razón de sexo para o Concello de Salceda de Caselas xa que pretende dar resposta, neste caso, a unha necesidade normativa concreta xa que é un deber para todas as empresas e administracións con independencia do tamaño do seu cadro de persoal así como as que prestan servizos para os Concellos incluídas as que o fan nas súas instalacións ou centros de traballo, ben por conta de outras empresas contratistas ou subcontratistas, ben por conta de empresas de traballo temporal, establecendo así accións encamiñadas a prevención, a detención, a intervención e seguimento creando un entorno mais seguro e respectuoso para todas as persoas, neste caso, que ofrecen traballos para o Concello, en definitiva, para todas as empresas que por ende e por ende os empregados das mesmas teñan que ser coñecedoras da existencia de este protocolo e como tal que sexa aplicado en calquera caso de violencia e acoso no mundo do traballo, que ocorre durante o traballo, en relación co traballo ou como resultado do mesmo e como dicía a compañeira, no lugar traballo ou no lugar onde se realice calquera xestión que teña que ver co ámbito laboral ou no marco das comunicacións que estean relacionadas co traballo, en definitiva, o obxectivo neste caso é previr todas as situación de acoso sexual ou por acoso por razón de sexo que se poidan producir, identificación de condutas constitutivas de acoso nas súas distintas modalidades, de acoso sexual e por razón de sexo, de asesoramento e apoio xurídico legal, de protección a vítima e sobre todo de sanción a persoa agresora aplicando rigorosamente o código disciplinario recollido no convenio colectivo de aplicación sen menoscabo de denunciar o feito si fosen constitutivos de delito, neste caso. As consecuencias do acoso sexual ou acoso por razón de sexo primeiro o sofre a vítima, neste caso, por iso temos que asegurarnos de actuar desde un inicio e consideramos que ter un protocolo como o que se quere aprobar hoxe e que este sexa coñecedor por todos os empregados pode impulsar as vítimas a denunciar en primeiro lugar estes feitos, porque isto previamente o que provoca nas vítimas é inseguridade ou inquietude no traballo, tensión e medo a determinadas situacións e a quen lle acosa sentimento de humillación e incluso, como indicadas no protocolo, culpabilidade, medo ou vergoña de facer público o acoso que están a sufrir, por iso, ten tal importancia coñecer primeiramente o protocolo tanto a nivel traballo, como empregado, obviamente pola diminución de produtividade provocando tamén consecuencias para o persoal en xeral unha vez coñecidos estes feitos. En primeiro lugar a importancia de dar inicio a este protocolo e difundir medidas de prevención, coñecer os procedementos de actuación, ir actualizando e corrixindo a medida que avancemos con mais medios e actualización de



información mais que chegados os catro anos. Na primeira fase inicial alegrámonos que tal e como solicitaron os representantes dos traballadores do Concello como puidemos ler nas actas das comisións adxuntas neste expediente, se engadise como medio de contacto outro correo habilitado polo Concello neste caso ademais do da Alcaldía o de Secretaria, como solicitaron, aínda que non fose obrigación senón recomendación, boa é a rectificación e a chegada de acordo por parte política e sindical. Ademais, este protocolo que sigue unhas fases, consideramos que a parte de control e seguimento ten a maior importancia ao igual que a protección de datos, neste caso, por prevención e protección hacia a vítima. En definitiva co acordo por parte do Goberno, dos representantes do traballadores do Concello, dos Sindicatos o noso voto é completamente favorable a este protocolo para a prevención e tratamento do acoso sexual e por razón de sexo para o Concello de Salceda de Caselas e como sinalei ser coñecedores deste protocolo é vital ao igual que facerlle un seguimento continuado ao mesmo.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Completamente a favor de que se introduza este protocolo.

**Sr. Guerra García:** Benvido sexa este protocolo a veces ten que pasar algo para que nos demos de conta que estamos fora de xogo, a min gustaríame unha aclaración, no anexo II fálase das sancións disciplinarias que serán recollidas no primeiro convenio colectivo do persoal laboral gustaríame que se incluíse en que Boletín foi publicado este convenio. Alegrámonos que sexa un pacto, un acordo entre a parte sindical e o goberno e vamos a apoialo.

**Sra. Alcaldesa:** Como ben dixo a compañeira Ana Cristina damos resposta con este primeiro protocolo para a prevención e tratamento do acoso sexual e por razón de sexo do Concello de Salceda de Caselas tal e como recolle a proposta e tamén deu lectura Ana Cristina é unha necesidade normativa, é un deber de todas as empresas e administracións. Protocolo negociado en Mesa aprobado e acordado o 9 de este mes de conformidade con todas as partes recollendo todas as aportacións, eu animaría a todos os compañeiros Concelleiros desta Corporación a cumprir con unha das medidas de este protocolo no apartado de prevención que recolle “recibir formación en materia de igualdade” vai ser obrigatoria para todo o persoal do Concello e o protocolo recolle que se recomenda, posto que non se pode facer de carácter obrigatorio á parte política, neste caso anímovos a todos a recibir esta formación que implementará o Concello, dito isto paso a dar lectura da proposta de acordo seguinte:

*“Visto o Protocolo para a prevención e tratamento do acoso sexual e por razón de sexo para o Concello de Salceda de Caselas.*

*Visto que o protocolo contra a violencia de xénero e o acoso laboral pretende dar unha resposta a unha necesidade normativa concreta xa que é un deber para todas as empresas e administracións, con independencia do tamaño do seu cadro de persoal.*

*Visto que o protocolo asume os principios establecidos no Convenio 190 da OIT sobre eliminación da violencia e o acoso no mundo do traballo, publicado no BOE de 16 de xuño de 2022, aplicándose á violencia e o acoso no mundo do traballo, que ocorren durante o traballo, en relación co traballo ou como resultado do mesmo.*

*Visto que o protocolo aplícase a todas as persoas traballadoras que forman parte do persoal do Concello de Salceda de Caselas, ase como as que prestan servizos para o Concello, incluídas as que as que o fan nas súas instalación ou centros de traballo, ben por conta doutras empresas*



*contratistas ou subcontratistas, ben por conta de empresas de traballo temporal; establecendo accións encamiñadas á prevención, detección, intervención e seguimento, creando, asemade, un entorno mais seguro e respectuoso para todas as persoas traballadoras.*

*Visto que este Protocolo para a Prevención e Tratamento do Acoso Sexual e Acoso por Razón de Sexo foi negociado na Mesa Xeral de Negociación en sesión celebrada o 9 de decembro de 2024, mostrando súa conformidade todos os presentes.*

*Visto que a presente proposta non precisa de avaliación das repercusións en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nin ha de ser sometido a intervención previa por non ter aportación económica por parte do Concello.*

*Propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO: APROBAR o Protocolo para a Prevención e Tratamento do acoso sexual e por razón de sexo para o Concello de Salceda de Caselas.*

*SEGUNDO: Unha vez asinado procederase a súa publicación no REGCON e se difundirá entre o persoal do Concello de Salceda de Caselas."*

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte**

**ACORDO:**

**PRIMEIRO: APROBAR** o Protocolo para a Prevención e Tratamento do acoso sexual e por razón de sexo para o Concello de Salceda de Caselas.

**SEGUNDO:** Unha vez asinado procederase a súa publicación no REGCON e se difundirá entre o persoal do Concello de Salceda de Caselas.

<b>Expediente 2601/2024. Aprobación III Plan de Igualdade de Mulleres e Homes de Salceda de Caselas 2025-2028</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento</b>

**Sra. González Luis:** Neste punto vimos a presentar o III Plan de Igualdade 2024-2028 que será un pouco a folia de ruta para a posta en marcha de medidas e accións en materia de igualdade no noso Concello, algo que a min persoalmente me enche de ilusión porque son novas medidas, novos proxectos un pouquiño elaborados por min. Este Plan xira entorno a dez obxectivos principios, presenta mais de 120 medidas e cuxo cumprimento axudarían a lograr parcial ou totalmente estes obxectivos, recalcar de que a pesar de que este Plan está encabezado pola Concellería de Igualdade é de carácter transversal e afecta a todas as áreas de goberno. O documento divídese principalmente en tres apartados unha primeira parte de recollida e de análises de datos, unha segunda onde se establecen os obxectivos e os eixos de traballo e se propoñen unha serie de medidas que axudarían a cumprilos e finalmente un apartado de seguimento e de



análise. Na primeira parte nesa recollida e análise de datos se utilizou unha metodoloxía mixta onde os resultados cuantitativos se sacaron das enquisas de participación, se recolleron datos da empregabilidade, demográficos, de violencia de xénero e dos servizos comunitarios e datos a nivel estatal e da nosa Comunidade Autónoma pero sobre todo a nivel Concello que é o que aquí nos interesa; analizouse tamén o II Plan de Igualdade, recolleuse información cualitativa a través de tres mesas de traballo onde se mostraron fortalezas, debilidades e diferentes propostas en materia de igualdade no noso Concello no que participaron un total de 25 persoas e que dende aquí aproveito para agradecerlles a súa dedicación, o seu tempo, o seu respecto e a súa xenerosidade compartindo estas mesas de traballo con outros colectivos e asociacións, aportando ideas, aunando forzas e esforzos para que a igualdade real e efectiva se poida dar no noso Concello. Unha de esas primeiras mesas de traballo realizouse no IES Pedras Rubias foi unha mesa que se realizou coa xuventude, coa mocidade, rapaces e rapazas de 3º e 4º da ESO tamén de 1º de bacharelato que demostraron unha sabiduría, uns coñecementos que eu quedei abraiada, coñecen o territorio, coñecen as necesidades, son obxectivos, fixeron unhas aportacións baixo o meu punto de vista espectaculares; unha mesa de traballo cos técnicos do CDL O Torrón, con persoal do Obradoiro, con persoal do PIE, con persoal que ten citas coa Xunta, co AEDL con aportacións tamén moi interesantes, recolléronse todos os aspectos que traballan a diario pola realidade das mulleres sobre todo con situacións de vulnerabilidade e tamén lle agradezo o seu esforzo e as súas aportacións e por último unha mesa con colectivos deportivos, culturais e os equipos directivos dos tres centros educativos de o CRA, o CPE Altamira e o IES que fixeron aportacións tamén moi importantes. Este análise cualitativo utilizouse mais na segunda parte xa que se tiveron en conta para elaborar as medidas e os obxectivos. Eu destaco seis aportacións que baixo o meu punto de vista son das mais importantes, non porque eu pense así senón porque a totalidade das persoas que participaron nestas mesas de traballo coincidían nisto, a importancia da educación afectivo-sexual e o grave impacto da pornografía na violencia de xénero, os profesores recoñecían que os rapaces buscan nos dispositivos escolares pornografía, os rapaces e rapazas adolescentes que participaron recoñecían haber recibido a través de algún grupo de whatsapp, buscado, algún compañeiro, compañeira contido pornográfico a idades que son aterradoras, os colectivos deportivos o mesmo, é fundamental que traballemos unidos e unidas contra isto, o mal uso das redes sociais, a dificultade das mulleres para conciliar a vida familiar e laboral, os traballos dos coidados domésticos non remunerados e que a día de hoxe seguen sendo feminizados, a carga e os problemas de saúde mental das coidadoras e a falta enorme de corresponsabilidade familiar a día de hoxe e que afortunadamente parece que as novas xeracións van mellorando. Estes eixos vertebradores serían un primeiro eixo que sería una xestión municipal con enfoque xénero, un segundo eixo que sería economía e emprego, terceiro sería conciliación, corresponsabilidade, tempos e coidados; cuarto: empoderamento e participación social; o quinto: saúde e deportes, benestar e calidade de vida; o sexto: espazos urbanos, vivenda e seguridade; o sétimo: formación, cultura e educación para a igualdade; oitavo: Salceda en marcha contra a violencia de xénero; noveno: igualdade no medio rural e décimo: a mocidade; eixos fundamentais si queremos conseguir unha igualdade efectiva e real hai que atacarlle a todas as áreas, mais de 120 medidas, é un proxecto ambicioso somos conscientes de que ao mellor non podemos atacar todas esas medidas pero trátase de que a folla de ruta, de que os camiños sexan amplos e diversos e que os poidamos cumprir pero non debemos esquecer de que isto non é un proxecto pechado e que debemos ao longo de estes catro anos seguir reuníndonos, seguir escoitando, seguir recollendo datos dos diferentes colectivos e adaptar os recursos que temos para a igualdade e os recursos económicos adaptalos as necesidades reais da veciñanza, adaptando estas medidas nas medidas que os nosos veciños e veciñas necesitan.

**Sra. Pérez Cabaleiro:** Sen dúbida como comentei antes é un bo día, neste caso, en canto a prevención e a igualdade se refire no tocante a esta administración municipal, xa defendín este punto na lexislatura anterior, o II Plan de Igualdade de este Concello e volvo a facelo en nome de este Grupo Municipal no ano 2024 porque un dos obxectivos de este Grupo é defender sempre a garantía da igualdade efectiva entre mulleres e



homes neste Concello e en todos os ámbitos. Este plan non so debe ser un compromiso formal en papel debe ser un compromiso real do día a día de todos e todas nós, un folla de ruta práctica que busque transformar a realidade municipal nun lugar mais xusto, mais inclusivo e mais respectuoso para todos porque a igualdade de xénero non é unha cuestión de xustiza social abstracta é unha necesidade urxente, un dereito inalienable e debe ser garantido en todos os niveis da sociedade, e nisto, o Concello neste caso, xoga un papel fundamental porque somos a administración mais cercana aos veciños e como tal, téñese a responsabilidade de implementar políticas concretas que fomenten unha verdadeira igualdade de oportunidades. Para poder analizar este III Plan tivemos que remitirnos ao II Plan de Igualdade entre mulleres e homes de Salceda de Caselas e neste II Plan de oportunidades de 2020-2023 saber cales foron as carencias detectadas no anterior e poder corrixir desta forma erros de presente e futuro. É importante coñecer porque nos traen o III Plan en decembro do 2024 cando o anterior foi creado cunha data estimada 2020-2023, neste caso. Compre sinalar que os datos da diagnose na que se baseo o II Plan de Igualdade de oportunidades de mulleres e homes de Salceda de Caselas 2020-2023 non foron suficientes o que provocou que a identificación das igualdades entre os homes e mulleres non fora de todo completa. Para o deseño do II Plan preveuse a creación da Mesa de coordinación e seguimento do Plan para velar polo cumprimento dos obxectivos do Plan e encargarse da coordinación de todas as Concellerías e entidades participantes no seu desenvolvemento, a Mesa presidida pola persoa titular da Concellería de Igualdade ou por quen esta delegue, o problema aquí foi que para ese seguimento cántas reunións se fixeron en catro anos realmente de control e seguimento de este II Plan? Porque non se fai un seguimento real e efectivo do plan, que si a importancia que para todos nós e para os integrantes da Mesa de coordinación e seguimento teña, porque isto provoca que non haxa un traballo permanente como di a Mesa de control e seguimento da mesma e asegurar así o grado de cumprimento das accións. Continuando co análise do anterior plan, no II Plan incluíronse 63 medidas, importante deterse que no eixo 1 promoción de igualdade na política municipal de 19 medidas 10 non foron executadas, 5 foron executadas de forma parcial e 4 foron executadas, en total de todas as medidas e de todos os eixos foron executadas 26, non executadas 21 e executadas parcialmente 16, debemos deternos naquelas medidas que non foron executadas detectando erros e intentando corrixilos deténdonos especialmente naqueles básicos no día a día para un Concello como é nas licitacións públicas a empresas incluír como criterios de valoración para contratación de obras e equipamentos urbanos, parques e xardíns que o deseño se realice con perspectiva de xénero, esta medida que non foi executada e así o sinalades no plan é completamente básica no día a día dunha administración pública e xustamente é a que non se cumpre por parte do Concello, buscando respostas preguntámonos porque case recen aprobado este plan na primeira adxudicación de servizos para o servizo de asistencia no fogar, O SAF, non se pensou en implementar unha medida básica como esta, é dicir, porque non se baremou e valorou na hora do concurso do mesmo que as empresa que querían prestar esta asistencia tivesen ou non un Plan de igualdade, para esta referínomos a para todas e cada unha das obras que se levan a cabo por parte do Concello de Salceda de Caselas. Outras medidas que non foron executadas e que consideramos prioritarias son a creación da Comisión de interdepartamental de igualdade de carácter político-técnico destinada ao seguimento e a avaliación da integración da perspectiva de xénero nas actuacións municipais mais relevantes, traballar nunha metodoloxía para incluír informes de impacto de xénero en plans, programas e demais; introducir nos pregos e mesas de contratación indicadores e elementos de valoración que permitan ao Concello con condicións de igualdade obxectiva dar prioridade a contratación a aquelas empresas que contén con Plans de Igualdade, Plan de conciliación, distintivos de igualdade e calquera outra medida de impulso do principio de igualdade; crear un consello escolar municipal cuxo obxectivo debe ser implementar medidas de promoción da coeducación en todos os niveis educativos, artellar mecanismos de formación e sensibilización nos centros educativos para fomentar o papel e a participación das mulleres en todas as profesións e eidos da vida política, social e económica, podería seguir, consideramos que hai que artillar unha medida para que si se cumbran, si sexan executadas e si se implementen a partir de agora, no presente e no futuro por parte do Concello de Salceda de Caselas no día a día. Como ben expoñedes e na actualidade ten unha importancia transcendental que o plan



se cumpra en todos os ámbitos, a Concellería de Deportes responsable de implementar medidas relevantes tivo unha insuficiente participación na execución do II Plan de Igualdade, neste caso, polo que en primeiro lugar o que solicitamos e pedimos é que isto sexa corrixido dende un inicio e sobre todo ter compromiso por parte de todos os ámbitos para que o III Plan sexa, ademais de aprobado por unanimidade neste pleno, compromiso por parte de todos para que este si sexa executado. Dende este Grupo Municipal consideramos que para ese III Plan de Igualdade sexa efectivo e non só un Plan obviamente senón a consecución que garanta a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres é desenvolver un papel fundamental no ámbito da educación e da mocidade, e alegrámonos de todas as actividades que se fixeron por parte do Concello co instituto e colexio e co CDL-O Torrón, que ademais o engadides entre os eixos fundamentais e o compartimos completamente, porque é a forma de construción dunha sociedade verdadeiramente igualitaria porque as desigualdades non son casualidade senón que se perpetúan na socialización e na educación e os exemplos que damos os mais novos son os que perpetúan por iso a educación ten o papel transformador podendo cambiar mentalidades e rachando rols de xénero tradicionais que limitan tanto a homes como mulleres ademais é relevante que as institucións educativas se convirtan en espazos seguros onde se combatan todas as formas de violencia de xénero incluído o acoso escolar. A sensibilización temprana sobre o respecto a equidade e a convivencia é clave para previr futuras situacións de violencia e de discriminación. Xa para acabar porque estamos completamente de acordo cos oito obxectivos orientadores deste plan ao igual que a mocidade sexa principal axente de igualdade, simplemente volver a recalcar o papel do seguimento e control neste III Plan igual que no Protocolo que aprobamos por unanimidade anteriormente e que non se deixe facer seguimento en 2028 senón que se faga de forma constante, anual, mensual, semestral pero que realmente se artellen para que todas as medidas si sexan executadas.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** En canto as medidas do Plan anterior que é o que hai que analizar, estando de acordo con todas as medidas que se van a poñer neste III Plan, si entendemos que cuestións como Salcedenses distinguidos hai paridade votamos en falta nomes de rúas de mulleres si non me engano so temos a Rúa Rosalía de Castro. En outras cuestións toca puntos mais transversais que tocan todos os sectores como comedor escolar que nós defendemos hai pouco a necesidade da súa mellora, cousas máis de conciliación que mais de igualdade como é aula tardía, aula madruga, salas de lactancia creo que é unha necesidade esencial nos tempos que corren e determinadas cousas que ateen a todos os sectores. Polo tanto imos apoiar este Plan.

**Sr. Guerra García:** Nós vamos a ser críticos con esto que se nos propón aquí, primeiro fala de un Plan de 2024-2028 creo que debería ser 2025-2028 o 24 está vencido. Se nos presenta un documento de 165 páxinas e das páxinas 11-81 e o 90-116 dedícanse a analizar uns datos sobre unha enquisa realizada, enquisa cuxo valor demoscópico realmente poñemos en cuestión, moita xente eu preguntei a algunhas persoas de esta Corporación ninguén sabia de esa enquisa co cal o valor que poida ter é moi relativo e dous tercios do documento que se nos presenta adicados a cadros sobre os datos de esa enquisa. Fáisenos unha referencia aos servizos sociais de este Concello un relatorio aos servizos que presta este Concello moitos deles non teñen por que estar aquí non teñen nada que ver coa cuestión da igualdade son servizos (solicitudes de dependencia, solicitudes de RISGA) non teñen que ver concretamente co tema de igualdade. Eu son crítico cos anglicismos porque é posible que alguén que lle sobre o Galego lle sente ben os anglicismos pero precisamente quen di defender o galego e como está a nosa lingua os anglicismos non pintan nada, para dicir obradoiros temos que dicir workshop ou para dicir integración temos que dicir mainstreamg entendo que non. Creo que se pasa moi de puntillas sobre o resultado do Plan anterior cando se di “o grado de execución foi superior ao 66% e entre as executadas parcialmente e as executadas totalmente” eu doulle a volta e podería dicir case o 60% non foi executado e so foi executado parcialmente co cal sabemos que as palabras poden dar o sentido totalmente contrario a partir dos datos que se nos poñen aquí; unha cousa que debe chamar moito a atención é





un dos cadros di: que se analizan as persoas que cubriron esa enquisa que “participaches en actividades feministas organizadas polo Concello?” E das cento e algo persoas so catro manifestaron que participar en actividades feministas organizadas polo Concello, deberían chamarnos ese tema a atención como debería chamarnos a atención de que o 79% das persoas descoñece que hai un programa de asesoramento xurídico dentro do Concello o 80 persoas de 101. En canto aos eixos que se propoñen de actuación gustárame saber porque hai un específico para o medio rural? Non acabo de entendela, se fai unha referencia ao que entende a ONU como o mundo rural o que entende diversa lexislación por aí a efectos de definir o rural e ao final se nos acaba decindo que hai un punto específico para igualdade no medio rural e que ademais se di “para o instituto de estatística o mundo rural é o que ten unha poboación de menos de 10.000 habitantes” indudablemente Salceda está nese ámbito e di “sabendo as características do Concello imos ter en conta as parroquias por debaixo de 1000 habitantes” eu creo que as parroquias por debaixo de 1000 habitantes, non sendo Santa María porque colle as Esfarrapada son todas. Falase de unha mesa de traballo pero non acaba de concretarse esa mesa fora da primeira parte da actuación de esa mesa que sería o Grupo de Goberno non acaba de concretarse logo esa mesa con quen se compón? Porque eu entendendo que o tema de igualdade é transversal como é a sociedade en sí non acabo de entender como as asociacións mais transversais que temos como son as asociacións de veciños nunca foron chamadas a falar de esta situación polo menos as que eu consultei. Hai unha análise moi parcial, a análise que se fai do Plan que acabou no 2024 creo que é moi condescendente habería que empezar a falar de que no Plan 2025-2028 hai que empezar polas accións que non fomos capaces de concretar parcialmente ou totalmente que non fomos capaces de realizar neste período anterior pero se pasa moi por riba ,se fai unha referencia explícita, non sei si é falando do Goberno anterior ou falando do Goberno actual, a unha Concellería concreto que é a de deportes pero tampouco se definen ferramentas de como facer que as Concellerías que ata de agora participaron menos ou que non levaron adiante accións que deberían levar como se vai a sortear esa situación de cara a mudala, co cal creo que hai moi boa intención pero demasiada literatura que non nos conduce a nada, faltan cousas que me parecen importantes como para que dende o Goberno local ou dende a Corporación en conxunto se afronte un programa de igualdade en todas as nosas accións tanto a partir do Goberno como dos acordos que aquí tomemos.

**Sra. Alcaldesa:** Antes de pasarlle a palabra a Concelleira Selene para a segunda quenda principalmente porque a responsable de igualdade na lexislatura anterior era eu quen estaba ao fronte deste II Plan de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres do Concello de Salceda de Caselas a máxima responsable era eu, a min me gusta ser crítica, me gusta analizar os documentos con realismo e non colgándonos medallas e corrixir sobre as cousas que non saíron ben e creo precisamente que este III Plan vai sobre iso, o análise que se fixo do anterior, mellorar e tratar de establecer este libro de ruta con moitas medidas para que eses obxectivos que non se acadaron se cheguen a acadar, creo que vostede é crítico porque é onde mellor se move na crítica, aportacións non lle vin facer ningunha agora crítica ata o Plan de igualdade que iso é difícil, pero son aceptadas señor Salustiano. Decir que foron 63 medidas as do Plan anterior e o grado de execución foi dun 66% creo que todos obviamos todos e todas ignoramos que houbo mais de un ano de COVID onde houbo situacións que impediron realizar moitísimas das medidas que aparecían no Plan e mesmo así, permitídemme con humildade que me pareza que o esforzo de todos e todas, colectivos educativos, colectivos sociais en todos os eidos foi tremendo para que o grado de cumprimento sexa dun 66%, agardo que este novo Plan nos traia o cumprimento de moitos mais obxectivos e que hoxe a pesares da súa crítica, como ben dixo a compañeira Ana Cristina, consigamos unanimidade neste punto neste pleno en dous puntos tan importantes como no Protocolo sobre o acoso e o III Plan de igualdade que servirá como libro de ruta para as nosas políticas de igualdade que creo que non están en cuestión.

**Sra. González Selene:** Quedei abraiada, Tano, con que critique que nun plan de



igualdade apareza o termino de mainstreaming que me digas workshop ou que queiras está ben pero que critiques o concepto clave de toda a política pública transversal no eixo da igualdade que ben recollido en todos os documentos de carácter universal, vou pensar que é por descoñecemento porque dende logo no entendo nada. Evidentemente a enquisa non foi representativa fixérona 115 persoas dun total de case 10.000 habitantes efectivamente non foi representativa, pero non foi representativa para todo ou non foi representativa para ese análise que di que a xente non participa nas accións feministas que organiza o Concello? É representativa para algo ou é representativa para o que interesa? Independentemente houbérame gustado mais e esperaba mais da súa aportación como que me dixese que non participou nesta enquisa ningunha muller migrante do noso Concello que é o que realmente temos que vir a analizar aquí, porque as nosas políticas sociais e públicas non están chegando as mulleres que forman parte dos colectivos mais vulnerables e non que os membros da Corporación non se enterasen, a enquisa o enlace difundíuse por diferentes canles, por redes sociais, por portales de whatsapp, a través de colectivos deportivos; non as mesas de traballo non se convidaron as asociacións de veciños e veciñas pero nunha programación municipal que se fixo polo 25N aparecían recollidas as datas e aparecía un correo electrónico que todas aquelas persoas que estiveran interesadas en participar podían anotarse e solicitar información, e creo que como sociedade tamén deberíamos ser un pouco proactivos e ao mellor non sempre partir da nosa base convidar e si hai persoas que están interesadas como houbo persoas que participaron estaban interesadas, colleron esa información e se puxeron en contacto con nós. Sorprendida quedo tamén con que vostede critique que haxa un eixo centrado no rural, e si con menos de 1000 habitantes, efectivamente todas as parroquias e é en todas as parroquias nas que queremos traballar non queremos deixar ningunha atrás e en programas como os que xa fixemos “as parroquias en igualdade” donde se fixeron catro sesións en cada parroquia de auto coidado e diferentes ferramentas para a igualdade como se fixo as charlas sobre o alzheimer e outras demencias porque queremos informar as mulleres, é un tema de saúde pero tamén é un tema de igualdade porque as principais coidadoras son as mulleres entón están relacionadas. As enquisas dan moito traballo e as análises das enquisas ocupan moito espazo é certo estou de acordo con vostede que en gran parte son gráficos que non recollen unha análise representativo pero recollen uns datos que é lóxico e é responsabilidade nosa que teñan que aparecer aquí e si facemos un análise do II Plan de Igualdade temos que facer un análise real co que se cumpriu e co que non se cumpriu, cos puntos fortes e cos puntos débiles, efectivamente houbo tres puntos débiles no II Plan de Igualdade o primeiro foi sobre o primeiro eixe “promoción da igualdade na política municipal” 19 medidas totais tiña este eixe, o que mais, cumpríronse nove, cinco parcialmente e catro se cumpriron, dez non se cumpriron e o último eixe que era o “división interna da igualdade” seis medidas, catro non executadas e dúas executadas parcialmente, é certo estivemos mais flosos nesa área pero tamén é certo que das 168 persoas que se contrataron a través das diferentes subvencións un 61,31% foron mulleres e que os cargos de responsabilidade de este Concello e os postos que mais teñen responsabilidade e mellores salarios, neste Concello rompen un pouco a realidade, por exemplo as habilitadas nacionais son mulleres, entón nós preferimos dentro das posibilidades que tivemos dedicarlle maiores recursos e mais peso a aqueles eixos como o eixo da violencia de xénero con seis medidas, 5 totalmente executadas e 1 parcialmente executada e a pesar de iso, a pesar de cumprir coas medidas non foi suficiente porque seguimos tendo casos de violencia de xénero no noso Concello e temos que ser conscientes, ou a atención a mulleres con especial vulnerabilidade é o que mais impactada me deixa e sigo querendo pensar que é porque non o entendeu e que vostede me di que falamos de cousas que non veñen ao conto e que non teñen relación coa igualdade cando falamos de solicitudes de RISGA ou de outras mencións, non se fala en ningún momento de persoas que solicitan o RISGA porque si, se fala para explicar que hai unha subvención vinculada a persoas que teñen que ter solicitado un RISGA, que reciban unha prestación por RISGA é obrigatorio para que poidan ser empregadas no Concello a través de esa subvención ao igual que a subvención de contratación a través do APROL requiren outros requisitos ao igual que as persoas do PIE requiren que estean desempregadas, etc., e é importante recoller estes datos porque se contrataron a 168 persoas en catro anos e son normalmente, estas subvencións de contratacións, enfocadas a persoas con especial vulnerabilidade e



coincide que o 61% son mulleres, están en situación mais vulnerables, a min non me sobran eses datos para min son os datos mais interesantes. Tamén quería dicir que un eixo no que no Plan de igualdade anterior patinamos e fallamos moitísimo foi a área de deportes, lle quero agradecer ao meu compañeiro Marcos Troncoso porque dende que está fixo cousas importantes como por exemplo está traballando nun protocolo de uso das instalacións deportivas onde se recolle o rexeitamento absoluto ante comentarios ou calquera xesto machista ou sexista pero queda moito por traballar, tamén se recolle como que non se realizou a medida de participación e asociacionismo e é certo, non se cumpriu con esa medida pero baixo o meu criterio como Concelleira de Igualdade creo que é mais importante que crear un Consello municipal de mulleres neste período ao mellor era necesario apoiar as iniciativas das asociacións de mulleres como as da Asociación de Mulleres Rurais ou apoiar as iniciativas das asociacións como o colectivo feminista da Asociación TreceCatorce, apoiar a cultura, apoiar o teatro que elas mesma promovían, isto non é un documento ríxido é un documento que ten que ter vida, e que ten que escoitar aos colectivos e as asociacións coas aportacións dos nosos veciños e veciñas e creo que todos os aquí presentes debemos ser conscientes e aportar criticamente pero aportar propoñendo medidas, non criticando temas teóricos que pouco ou nada teñen que ver coa igualdade.

**Sr. Guerra García:** As portas do 2025 a COVID segue sendo un bo elemento para xustificar moitas veces cousas. Eu o que estou dicindo é que cando un documento se quere encher moito as veces hai moita palla que non ten ningunha relación co documento e que se diga que aquí hai servizos sociais que dan esto, esto, dígame as solicitudes de dependencia ou de discapacidade que teñen que ver coa igualdade, nada son cuestións transversais que non teñen nada concreto coa igualdade. En todo caso, si fixen un apunte sobre o que dixo a xente de esa enquisa de participación nos actos feministas organizados polo Concello, primeiro é un dato seu non é meu, é digo que esa enquisa o valor demoscópico dela é cuestionable porque vostede mesma acaba de decilo, eu non o dixen, de que non participou xente sobre todo mulleres de fora, habería que preguntarse porque aquí non son o único que non sabía de esa enquisa co cal está a vista de que este Goberno local ou non informou coa necesaria claridade ou cando menos coa necesaria amplitude agora se habemos persoas aquí que non sabíamos de esa enquisa quero imaxinar aí fora a posibilidade de que haxa moitísima mais xente que non se entere, sobre todo a xente que chega de fora que normalmente sempre marca mais distancia con todas estas cousas.

**Sra. Alcaldesa:** Creo que a explicación que acaba de dar a Concelleira foi maxistral e entende quen quere entender e non entende quen non quere entender e como Concelleiro ten a obriga de fiscalizar, esa enquisa publicouse e fíxose pública a participación nesa enquisa ao igual que se informa de outras cuestións debería haberse informado da existencia de esa enquisa que foi pública e repito o Concelleiro ten a obriga de fiscalizar. Dou lectura da proposta de acordo seguinte:

*“Elaborado o III Plan Municipal de Igualdade de Mulleres e Homes de Salceda de Caselas 2025-2028, que ten entre os seus obxectivos avanzar no desenvolvemento de políticas municipais para avanzar nun modelo de sociedade en Igualdade e libre de violencia de xénero, dende a aplicación transversal do principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes así como na integración do principio de igualdade de xénero nas políticas públicas.*

*Visto que, partindo do disposto no artigo 14 da Constitución Española, este II Plan pon de manifesto o compromiso do Concello de Salceda de Caselas coa igualdade, principio polo que se traballa co convencemento de que sen equidade entre mulleres e homes, a democracia está incompleta.*

*Visto que de conformidade co artigo 21.2 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, as Entidades Locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, para ese efecto, co resto das Administracións públicas.*

*En atención ao establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e*



Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro  
PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte:

### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Aprobar o III Plan Municipal de Igualdade de Mulleres e Homes de Salceda de Caselas 2025-2028.

**SEGUNDO.-** Publicar o contido do III Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Salceda de Caselas 2025-2028 na páxina web municipal."

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte**

### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o III Plan Municipal de Igualdade de Mulleres e Homes de Salceda de Caselas 2025-2028.

**SEGUNDO.-** Publicar o contido do III Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Salceda de Caselas 2025-2028 na páxina web municipal.

**Proposta de Resolución: Prégase se inclúa como moción urxente no pleno do xoves 19-12-24, a moción cuxo texto se achega.**

**VOTACIÓN: Sometida a votación a urxencia da moción esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión, pasando polo tanto a tratar dita moción.**

**Sr. Guerra García:** Dou lectura a moción presentada seguinte:

"O BNG nesta Corporación Municipal de Salceda de Caselas e na súa representación Salustiano Guerra García, concelleiro, ao abeiro do disposto no Artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante ROF); e, así mesmo, no Regulamento Orgánico Municipal (en adiante ROM), que establece (no Art. 37.4); no exercicio do seu cargo de Portavoz do BNG, formula a seguinte iniciativa:

**MOCIÓN URXENTE.-** O BNG, por razón de urxencia, presenta ante o Pleno seguinte asunto: **Proposta de Acordar dirixirse a Estradas de Galicia para solicitar que acondicione a beira dereita da estrada PO-411, no sentido Paramos-Salceda; puntos quilométricos 4+260-6+150, na Parroquia de Parderrubias, no treito coincidente co "itinerario peonil e ciclista".**

**MOTIVACIÓN.-** Tal como sinala a Xunta de Galicia, "**Unha das funcións máis relevantes** na xestión de redes, e como parte final de todo o proceso de xénese das infraestruturas (estudo, planificación e construción), **é a preservación do patrimonio viario e o mantemento do servizo, que se aglutina na denominada Conservación e Explotación das Estradas (COEX).**". A súa vez, salienta que esta conservación e explotación pódese desglosar, entre outras, en:

- ✓ Actividades de conservación ordinaria: atrasar o proceso de degradación das características funcionais ou estruturais dos elementos da estrada.
- ✓ Actividades de mellora da seguridade.

Si ben se realizou unha importante mellora coa construción do itinerario peonil; non se acometeu ningunha mellora de acondicionamento da outra beira, a marxe dereita, no sentido de circulación de Paramos á Esfarrapada (Salceda de Caselas).





*É de coñecemento público a alta velocidade con que circulan os vehículos (tanto automóviles como motos); ao non respetaren as limitacións establecidas, mediante sinais, no treito correspondente cos **puntos quilométricos 4+260 - 6+150, na Parroquia de Parderrubias.***

*A veciñanza da parroquia, dende hai anos, xa ten manifestado a conveniencia de actuar nas dúas beiras da estrada para mellorar a seguridade do vial; de xeito que, no terreo da propia estrada, se acondicione a súa marxe dereita, con obras de explanación, muros de contención en zonas necesarias, etc; dada a existencia de fincas rurais; mellora que garantiría a seguridade, tanto de peóns como de maquinaria, que circula para realizar faenas agrícolas en diversas épocas do ano.*

*Non esta de mais indicar que en outras situación similares, pola Fiscalía de Seguridade Vial indícase que coñecedores dos defectos existentes e do risco que iso xenera para a seguridade dos que circulen por ela, no poñan os medios necesarios para subsanalos; podería pedirse responsabilidade penal ao responsable dunha infraestrutura si mantén una actitude pasiva, coñecendo a situación de risco e manténdose nunha situación de pasividade negligente.*

*Polo exposto o BNG PROPÓN adoptar o seguinte Acordo:*

***“O Pleno do Concello de Salceda de Caselas **acorda dirixirse a Estradas de Galicia para solicitar que acondicione a beira dereita da estrada PO-411, no sentido Paramos-Salceda; puntos quilométricos 4+260-6+150, na Parroquia de Parderrubias, no treito coincidente co “itinerario peonil e ciclista”, realizando a tal efecto as obras que sexan necesarias.”*****

Creo que non necesita mais explicación eu creo que debería ser aprobada por unanimidade, creo que todos os grupos que estamos aquí algunha vez temos manifestado a necesidade de que se fora a esa obra nesa zona de Parderrubias e espero que respondamos todos con esta necesidade.

**Sr. Rodríguez Davila:** O certo e verdade é que loxicamente cando un vai pola vida sendo coherente non pode cambiar de postura en temas que xa se debateron neste pleno noutras ocasións e aprobado tamén unanimemente ao respecto polo tanto non vai ser hoxe diferente por parte de este Grupo maioritario e totalmente de acordo co que se di e como así foi no seu momento noutros debates que tivemos e que esta Corporación manifestou esa necesidade, tamén é certo e ven recollida nesta moción, esa mellora que se produxo nos últimos anos de esa inversión de case un millón de euros que cambiou loxicamente para ben o ámbito da marxe dereita ou esquerda depende como se vexa, vostede se refire ao inicio do punto quilométrico de Paramos - hacia Salceda e marxe esquerda e polo tanto contentos pero queda moito por facer non so en Parderrubias senón tamén en Soutelo e tamén outras actuacións que loxicamente terán que ver realidade nos próximos meses anos.

**Sra. Alcaldesa:** Nós xa manifestamos o noso apoio ao que acaba de ler o compañeiro Salustiano de feito o acordo de investidura da Alcaldía de Salceda de Caselas na súa proposta oitava falaba de redes de estradas autonómicas e provincias había un apartado, segundo punto que dicía: “exixir a mellora das beirarrúas onde o cruce da Lagüela ate o IES Pedras Rubias na travesía de Parderrubias na marxe esquerda dirección Tui no tramo coincidente co actual paseo peonil e ciclista mediante o acondicionamento de beirarrúas, superficie a nivel da actual estrada” o mesmo que recolle a moción que acaba de presentar polo tanto non podemos estar mais de acordo, o que si temos claro non so dende Movemento Salceda senón dende o Grupo de Goberno que deberíamos engadir a esta moción a necesidade que xa plantexaba o portavoz do PP, Santiago Rodríguez Davila, que é incluír o treito do cruce do Pantel na parroquia de Parderrubias ata a zona comercial da Tabernanova estrada da mesma titularidade Xunta PO-411 e que creemos tan necesario ou incluso mais posto que Parderrubias xa conta con un carril ciclo-turista e Soutelo non, antes de engadir o segundo a Parderrubias considero ata case mais importante comezar o treito de continuidade dende o Pantel ata Tabernanova a zona comercial de Soutelo, crendo sinceramente que ámbalas dúas son necesarias.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Súmome ao dito polos restantes grupos engadimos o tramo de



Soutelo e apoiamos a moción.

**VOTACIÓN: Sometida a votación a moción esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión, ACORDANDO** dirixirse a Estradas de Galicia para solicitar que acondicione a beira dereita da estrada PO-411, no sentido Paramos-Salceda; puntos quilométricos 4+260-6+150, na Parroquia de Parderrubias, no treito coincidente co “itinerario peonil e ciclista”, realizando a tal efecto as obras que sexan necesarias.”

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**Expediente 2468. Dación de conta en Pleno de informes de Tesourería: PMP e morosidade 3º trimestre 2024.**

Queda dada conta.

**Dación de conta de decretos dende o núm. 2024-1406 de 28 de outubro ata o núm. 2024-1665 de 13 de decembro.**

Quedan dado conta.

## C) ROGOS E PREGUNTAS

### ROGOS

**Sr. Fernández Pérez:** Rogo presentado o 17/12/2024 (2024-E-RE-3012): “Debido ao mal estado no que se atopa a estrada que vai dende o entronque da calle Lagüela ao barrio de Maceira, nos seus laterais, solicitamos a decentación de ditas beirarrúas a sabendas da próxima apertura do novo Velatorio en dito lugar.”

**Sra. Alcaldesa:** Recollemos o rogo, si ben quero explicarlle aos veciños e veciñas que se trata de unha infraestrutura privada, ese velatorio, esa estrada é estreita pero corríxo non está en mal estado evidentemente podería ser de maior amplitude e ter beirarrúas pero, repito, non está en mal estado, e a propiedade privada ten a obriga de urbanizar o seu fronte e así o recolle o proxecto e a licenza dada. Permíteme que me remita de novo ao enlace da Lagüela que permitiría un enlace directo dende a PO-510 beneficiando claramente esta infraestrutura privada e este negocio que é importante para Salceda e que precisamente a solución pasaría por aí, unha solución real e que terían que asumir a Xunta de Galicia que é da súa competencia dándolle unha entrada e saída directa a ese lateral da PO-510. Creo que temos que ser mais ambiciosos e cada quen que atenda as súas competencias e nese caso, repito o enlace da Lagüela daría solución a ese problema e melloraría enormemente o negocio de esa empresa.

**Sr. Rodríguez Davila:** No directorio que aparece na páxina Web do Concello falta por cubrir a última farmacia que temos no Concello, no casco urbano na rúa Gándara, polo tanto rogamus que se complete ese directorio coa inclusión da nova farmacia. Por certo está sen cumprir o rogo que fixemos no seu momento de pintado da praza de estacionamento para os usuarios que van a esa farmacia e si están nas outras logo da petición de este grupo.

**Sra. Alcaldesa:** O principio de esta sesión plenaria falamos delo do entronque de Rafael Tilve Adrio que estaban previstos os traballos de pintura para primavera e corríxiranse entre o deterioro da pintura existente na Vila, necesidades como esa que plantexa



vostede aquí e que xa estaba proxectada dentro dos traballos de seguridade e tráfico.

**Sr. Núñez Troncoso:** Seguindo co a páxina Web do Concello, xa o levamos dito mais de tres veces que habería que darlle unha volta e refundir onde están as ordenanzas, e por poñer un exemplo o IBI creo que hai tres ou catro modificacións e creo que habería que refundir ese texto e por o resto das ordenanzas que sexa mais fácil acceder a elas, incluso algunha ordenanza que falta incorporala. Ao mesmo tempo tamén que se actualice o inventario de bens municipais, segue sen estar incorporado a ese inventario as alegación, en canto a cartografía, que se aprobaron no seu día a aprobación inicial e seguen sen incorporase tamén os novos camiños que xa levan vido uns cuantos a este pleno.

**Sra. Alcaldesa:** Recollemos ese rogo e tamén lle anuncio que pronto verá a luz a nova páxina Web que agardo que mellore todas esas situacións polo menos estamos traballando para que así sexa dentro da liña 2 incluímos un proxecto de mellora de creación desta nova Web con novos contidos e que recolla todas esas carencias que existían ata o de agora.

**Sr. Guerra García:** No acceso ao CRA Raiña Aragonta no lateral das súas instalacións existen diferentes especies arbóreas que polas súas dimensións a escasas distancia aos dous recintos educativos da zona representan un perigo evidente en caso de caída ou desprendemento, esta situación xa foi alertada á Concelleira de Educación, Teresa Pérez, en dous Consellos escolares do 2013 e 2015 por parte dun representante dos pais membro do Consello Escolar tal circunstancia se fixo constar en acta en ambas as dúas ocasións. O paso 9 de outubro a borrasca Kirk derrubou un piñeiro de grandes dimensións na entrada do CRA e varios amieiros caeron dentro do patio que usan as crianzas no tempo de lecer afortunadamente non se produciron danos persoas pero si importantes danos materiais polo que ROGAMOS ao Goberno Local que o Concello faga cumprir a lexislación relativas as especies arbóreas e distancias de seguridade nos vieiros de acceso ao CRA Raiña Aragonta e nas súas inmediatezas para garantir o acceso e uso das instalacións educativas en condicións de seguridade a toda a Comunidade educativa.

**Sra. Alcaldesa:** Recollemos ese rogo e aproveito para decir que as árbores da contorna do CRA precisamente por seguridade realízanse as inspeccións necesarias, de feito pouco antes da experiencia que tivemos desa borrasca-tormenta unha empresa realizou os traballos de poda e vixilancia e control de todas as especies ao lado do río, é certo que non vamos a pórnos a cortar todas as árbores primeiro supoño que vostede é coñecedor do problema que existe no CRA de altas temperaturas polo tanto esa barreira vexetal tamén fai a súa función e así nolo din os técnicos medioambientais que nos asesoran, fíxose corta naquelas que considerabamos mais perigosas e mesmo así ante unha situación de excepcionalidade como se produciron aquel día caeron árbores, si é certo que na miña opinión ten que ser criticable chegar a unha situación de ese tipo non tomando unha medida tan necesaria como anular ese día as clases e non mandar a nosa rapazada ao coleio tal como se prevía que iba a ser esa xornada. En todo caso recollemos o rogo.

## PREGUNTAS

**Sr. Rodríguez Davila:** Cal é a situación actual da estrada municipal no lugar de Rego da Lama en Budiño despois das obras que fixo ADIF nas infraestruturas ferroviarias e que onte concretamente, por poñer un exemplo, inundouse todo aquel ámbito e a propia estrada na ponte que cruza a vía do tren está nun estado lamentable, queremos saber como está e si ten previsións ou cando se van a realizar esa mellora que se comprometeu ADIF no seu momento.



**Sra. Alcaldesa:** A previsión é a comezo do 2025 pero voulle ser sincera, confío pouco nas previsións que me está dando ADIF porque incumpriu reiteradamente os prazos de feito este Concello para velar pola seguridade viaria enviou a Policía local en reiteradas ocasións para emitir informe sobre o estado de esa estrada e do incumprimento de tela nunha situación de adecentamento para que os veciños e veciñas a usasen, como digo, con seguridade, incumpriron en varias ocasións e segundo eles a meteoroloxía non axudou cousa que poño en cuestión porque chover choveu pouco e agora o compromiso de ADIF é para comezos de 2025 e a empresa que executará a obra será COVSA.

**Sr. Rodríguez Davila:** Seguindo coa parroquia de San Esteban de Budiño queríamos saber que actuación, que melloras, que proxectos en definitiva que o que ben executando en canto a obras de drenaxe no ámbito no Polígono industrial do Cerquido para que non volva a ocorrer o que sucedeu o 31 decembro do ano 22 en canto as inundacións graves que sucederon e polo tanto nos gustaría que así se contestase que é o que se fixo ao respecto para que iso non se produza no futuro próximo.

**Sra. Alcaldesa:** Seguro que vostede coñece que recibimos unha subvención por parte da Deputación que non foi posible executar polas inclemencias do tempo e acabábase o prazo e a Deputación tivo a ben destinar eses fondos a outra liña de subvención que nos foi concedida para executar esas tres obras tanto os dous muros de Loureiro como unha obra de Cerquido para mellorar a situación de drenaxe da auga que alí se acumula e que non se volveran a producir inundacións, executaranse en tempo e prazo e aínda onte pasou o inspector de Deputación para verificar que as obras estaban realizadas en tempo e forma, e informaran sen ningún problema e a subvención será concedida. Realizáronse obras no Río Tinto de canalización, aquela zona é desastrosa o diámetro das tubaxes cada medio quilometro cambia, a auga ven cara atrás cada vez que hai unha enchenta e que hai unha crecida dándose a situación que se deu hai uns anos donde todos os factores confluíron e se produciu esa inundación. Este ano nas primeiras choivas funcionou estupendamente esa balsa que acolle a auga, realizouse limpeza nas empresas, na contorna de Madersan da zona empresarial do Cerquido, en Maderas Porriño, realizáronse tarefas de mantemento, que nin sequera nos corresponderían pero é unha responsabilidade moral mais que de administración non facemos o que fan outras tirarse a bola e a pelota uns a outros, damos solución aos problemas da veciñanza e facemos o mantemento do regato que hai ao final de Sumyrent e Maderas Porriño para limpeza habitual de ese regato e así que poida saír a auga, ouxesa as tarefas se realizaron e a subvención foi executada e a proba está que coas choiva a principios de este ano non se produciron inundacións en Cerquido e sigo agardando que así siga sendo.

**Sr. Rodríguez Davila:** Co que acaba de manifestar damos por feito que as obras están realizadas e segundo vostede polo que dixo non se prevee que coas obras realizadas e tal como se executaron non haxa previsións de que eso se volva a suceder.

**Sra. Alcaldesa:** Eu non son meteoróloga nin técnica nin enxeñeira de camiños, as obras que se realizaron este inverno funcionaron, o Cerquido necesita unha actuación mais potente que estaba contemplada na modificación puntual do Cerquido, lémbraha verdade? 2016 aí si que se daba solución a un problema non so de situación irregular do tecido empresarial senón tamén do problema que había de inundacións, este traballo é unha primeira fase hai outro estudio valorado onde se acometerían outras fases que daría solución definitiva, esta foi unha mellora.

**Sr. Núñez Troncoso:** Dentro da relación de decretos hai un onde se acorda o pago de unha sanción, non liquidación de couta, da Tesorería Xeral da Seguridade Social de 1875€, a que se refire?

**Sra. Alcaldesa:** Non cho vou asegurar con rotundidade pero creo que foi un caso de impago de tributos por non chegar en tempo e prazo, foi falado coas habilitadas





concretamente con tesourería e foi solucionado tan pronto como se puido, pero creo recordar que se trataba duns tributos non presentados en tempo e forma.

**Sr. Núñez Troncoso:** Xa solicitaremos o expediente.

**Sr. Olmo Vaqueiro:** Sobre a praza de conserxe do pavillón queríamos saber si se vai cubrir, e si se vai cubrir mediante que proceso se vai seguir?

**Sra. Alcaldesa:** A nosa pretensión de que agora se acaba a quenda de este persoal temporal que temos e que tan bo servizo e necesario deu ao pavillón poidamos sacar esa praza que é a nosa intención, figura na RPT a nosa intención é sacar esa praza e cubrila para satisfacción de todos os colectivos deportivos, e para nos tamén como goberno, que fan uso do pavillón.

**Sr. Olmo Vaqueiro:** A Policía Local non cubre todos os turnos, cales están sen cubrir, que horarios?

**Sr. Rodríguez Canosa:** Todos os meses o Oficial da Policía elabora un cuadrante de turnos pero hai momentos nos que hai situacións que por vacacións, por baixas médicas, por paternidade non se pode cubrir todos os turnos intentamos cubrir a maior parte dos turnos posibles pero a veces hai semanas como esta por exemplo que non temos turno de tarde. Agora mesmo contamos con 7 Axentes que un está de permiso de paternidade, outra está de baixa médica, temos tamén un auxiliar de policía local e como tamén vistes estamos traballando para poder dotar a policía de unha ou dúas prazas mais.

**Sr. Guerra García:** Considera a Sra. Alcaldesa a posibilidade de estudar a creación de unha Comisión especial para tratar o efecto de dúas sentenzas que anulan xudicialmente o procedemento de revisión catastral dando pe a participación de todos os grupos desta Corporación?

**Sra. Alcaldesa:** Non, de momento no o contemplo.

**Sr. Guerra García:** Pode a Sra. Alcaldesa informar que importes se levan facturado ao Concello no proxecto da Plataforma Salceda Móvese?

**Sra. Alcaldesa:** Creo que xa o informei en varias ocasións incluso trouxen o orzamento, que dixen que se investira no proxecto arredor de 7000€ que me parece unha cuantía ridícula para cumprir con unha proposta que ademais viña no noso programa electoral e supoño que os que nos escolleron para ser a súa representación pública nesta Corporación, o valoraran e volverían a estar nos colectivos iso e mais veces porque ademais funcionamento e o fin funciona estupendamente e está dando resultados moi positivos e como digo así nos lo trasladan todos os colectivos sociais das parroquias.

**Sr. Guerra García:** En recentes declaracións a señora Alcaldesa ofreceu a Xunta de Galicia terreos municipais para construción de vivenda pública, sábese a señora Alcaldesa que a Xunta ten propiedades da súa propiedade no noso Concello e que no 2008 este Concello asinou un convenio coa Consellería de Vivenda para a creación de ese espazo público neses 40000m<sup>2</sup> que se complementaríase posteriormente coa construción de vivenda pública neses terreos?

**Sra. Alcaldesa:** A resposta é si a Alcaldesa sabe, e mais o PP tiña unha proposta de construír un parque acuático.

**Sr. Guerra García:** O digo como a Sra. Alcaldesa ofreceu terreos municipais para eso pois debería lembrarlle a Xunta de Galicia que se queixa de que efectivamente non construe vivenda ou de que non se pon terreos a súa disposición que a aquí ten terreos



pero ela non pon vivendas ou proxectos a súa disposición.

**Sra. Alcaldesa:** Os dous estaremos de acordo na necesidade de vivenda para Salceda e que despois do traballado no polígono I e II do PERI e a obtención de terreo precisamente para a vivenda social pensada na xuventude e nas persoas con necesidades específicas, a Xunta non se lle pode por mais en bandexa para que efectivamente faga política de vivenda social en Salceda.

**Sr. Guerra García:** Recentemente a Deputación desestimou unha solicitude de subvención do Concello de Salceda no proxecto de Máis Emprega no Concellos, nos pode dicir a que se debeu ese desestimento da solicitude? "Relación de Concellos que se desestiman a solicitude dentro do Proxecto Máis Emprego nos Concellos, Concello de Salceda de Caselas por non achegar documentación", di a Xunta de Goberno da Deputación.

**Sra. Alcaldesa:** Non sei a que subvención que refire. Buscarei no expediente porque non se achegou esa documentación entendo que haberá unha explicación porque concorremos a toda canta subvención hai sempre que economicamente sexa factible e posible.

**Sra. Alcaldesa:** Tócame felicitarvos a todos e todas, veciños e veciñas os que estades presentes, son épocas moi bonitas pero creo que o 2025 vai traer moi boas noticias, que vai traer cousas positivas e proxectos moi positivos para a veciñanza e hoxe a tarde enterábame de algo que non deixa de ser anecdótico pero que tamén é interesante, para o vindeiro 2025 a volta ciclista a España pasará por Salceda, dos poucos Concellos que pasa na única etapa da Provincia de Pontevedra, a presentación foi esta tarde, déronnos a boa nova de que Salceda será un dos Concellos que reciba a volta. Seguro que haberá moitas outras boas novas e desexarille o mellor aos veciños e veciñas e que teñan a seguridade de que este Goberno seguirá traballando arreo para obter esa mellora de vida que todos eles se merecen e estou segura de que falo en nome de toda Corporación, compañeiros e compañeiras de que alcanzar ese obxectivo é a nosa razón de ser nesta Corporación.

**Sr. Rodríguez Davila:** En nome de este Grupo manifestar o desexo e a esperanza que todos os salcedenses teñen postas no seus anhelos e que vexan cumpridos os mesmos, que a saúde ante todo sexa o primeiro que chegue aos fogares de todos nós e que logo vexamos cumpridas as expectativas en todos os ámbitos da vida persoal e familiar. Queremos así mesmo tamén trasladar unha mensaxe positiva de que estamos convencidos de que tamén haberá momentos positivos no ámbito municipal, tamén algún de dificultade, loxicamente como na vida mesma, pero creo que unindo esforzos e boa vontade teremos boas novas en diferentes ámbitos nos próximos meses no noso Concello. Espero e desexo que o Goberno sexa mais partícipe cos diferentes grupos, que atenda as boas intencións e as aportacións que facemos con boa vontade e loxicamente que respecte a vontade maioritaria dos salcedenses depositadas nas urnas e que non trate de menospreciar a aqueles que ostentamos cargos de representación na Corporación Municipal. Que teñades boas festas, que o ano 25 sempre mellor co anterior e que teñamos un ano cheo de acontecementos positivos de celebracións con xuntas comunitarias tamén familiares amplas, diversas, de moita ledicia e de moita saúde.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Felicitarvos as festas a todos e agardemos que o 2025 sexa mellor que o 2024.

**Sr. Guerra García:** Únome aos desexos que tedes manifestado anteriormente os distintos voceiros, a Alcaldesa incluída, como o tempo de Nadal da para moito quería animar a toda a Corporación e toda a nosa veciñanza a asistir maña venres as 8:30 no Auditorio Mar de Vigo ao acto que vai celebrar o 117 aniversario da conmemoración da Estrela Solemne do Canto do Himno Galego na Habana, decimos case sempre, nos



manifestamos un gran amor por este país, por Galicia, un xeito de demostrar respecto aos seus símbolos é esta é unha boa ocasión para facelo.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

